



**INSTRUCCIÓN SOBRE A INTERPRETACIÓN E ACLARACIÓN DO ARTIGO 3.3 DA
ORDENANZA FISCAL 1.01 DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES QUE REGULA
O BENEFICIO FISCAL DE FAMILIA NUMEROSA**

En uso da competencia regulada no artigo 3.2 da Ordenanza 0.00 xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e doutros ingresos de dereito público, e de acordo co informe da Tesourería municipal de 22 de xaneiro de 2016, fíxanse os seguintes criterios de interpretación e aclaración do artigo 3.3 da ordenanza fiscal 1.01 do imposto sobre bens inmobles:

1.- O termo “unidade familiar” ao que se refire o artigo 3.3 da ordenanza fiscal 1.01, tanto a efectos de empadramento como de declaración de ingresos, corresponde co de familia numerosa integrada polos membros da mesma incluídos no título oficial correspondente.

2.- A autorización de acceso aos ingresos declarados á administración tributaria ao que se refire o artigo 3.3 da ordenanza fiscal 1.01 debe estar asinada polos membros da familia numerosa maiores de 18 anos.

En aplicación do artigo 7.a) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, esta instrución publicarase na web municipal

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2016

A CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMÍA E FACENDA

Asdo.: María Rozas Pérez